

34. Contra Quevedo (1618)

A don Francisco de Quevedo

Cierto poeta, en forma peregrina
cuanto devota, se metió a romero,
con quien pudiera bien todo barbero
lavar la más llagada disciplina.

Era su benditísima esclavina,
en cuanto suya, de un hermoso cuero,
su báculo timón del más zorrero
bajel, que desde el Faro de Cecina

a Brindis, sin hacer agua, navega.
Este sin landre claudicante Roque,
de una venera justamente vano,

que en oro engasta, santa insignia aloque,
a San Trago camina, donde llega:
que tanto anda el cojo como el sano.

devota: por homofonía, evoca a expresión “de bota”.

Os barbeiros adoitaban lavar as chagas con viño.

disciplina: castigo corporal que se inflixían os romeiros.

esclavina: pequena capa de coiro

zorrero: que navega lenta, pesadamente.

Cecina: porto italiano en Livorno (Toscana) / carne de vaca

Brindis: porto italiano (Brindisi) / brindes; landre: pústula;
claudicante: o que coxea, e tamén falso; Roque: peregrino.

vano: fachendoso, arrogante, presuntuoso.

aloque: da cor deste viño clarete.

Refrán da época, porque os que facían o camiño axudábanse.

GÓNGORA

Decidín engadir na marxe á dereita dos poemas, en letra pequena, breves explicacións do significado dalgunhas palabras ou construcións para que o lector poida facer a propia lectura da composición e estar en disposición de dialogar coas interpretacións propostas e aceptalas, matizalas ou discutilas.

Ser cabaleiro da Orde de Santiago era un privilexio, moi ambicionado, que só podía outorgar o rei. Quevedo ingresou oficialmente o 29 de decembro de 1617, e o ingreso foille comunicado o 8 de febreiro de 1618, feito que o vixía cordobés, sempre á espreita dos acontecementos que afectasen aos seus rivais para exercitar a agudeza da súa pluma, non deixou pasar por alto; distribuíu unha sátira, anónima, como era de lei, e gardando, tamén, no anonimato o destinatario, para potenciar a ironía; unha anonimia retórica —os títulos dos poemas púñanllos habitualmente os compiladores, non os autores— posto que todos saberían dende os primeiros versos a quen se refería. Un soneto que conforma unha enxeñosa alegoría, na que o plano literal (ou, mellor, o relato “inocente”) describe un romeiro que peregrina a Santiago, e o figurado (ou relato “pícaro”) fala dun afeccionado á bebida que peregrina á taberna. O dobre sentido descóbrese, se houbese algún lector distraído, no penúltimo verso con esa paronomasia Santiago / San Trago.

**Cierto poeta, en forma peregrina
cuanto devota, se metió a romero,
con quien pudiera bien todo barbero
lavar la más llagada disciplina.**

Esta “forma peregrina”, que significa rectamente “forma rara, estraña”, evócanos, por connotación, a veneración de Santiago. Desta forma, tan

peregrina coma “devota”, a persoa satirizada faise “romeiro”, é dicir, peregrino

(en segunda acepción). Pero esa maneira “devota” coa que tomou tal decisión é sospeitosamente parecida a “de bota”, que, como sabemos, é onde os camiñantes portan o viño para o seu propio consumo. E con este elemento, que abundaba, segundo Góngora, en Quevedo, un barbeiro (que non se dedicaba só a cortar o pelo) podía lavar as chagas das costas de calquera romeiro que se disciplinase, é dicir, que se dese, segundo costume da época, lategazos de penitencia.

**Era su benditísima esclavina,
en cuanto suya, de un hermoso cuero,
su báculo timón del más zorrero
bajel, que desde el Faro de Cecina**

é o caso, só que, aquí, o racioneiro certifica que era un “hermoso cuero”, porque era seu. Sobre “cuero”, dinos o AU: “Por translación festiva se llama así al borracho, o gran bebedor”.

A metáfora de comparar o ser humano cun barco é vella e recorrente. Para o cordobés, Quevedo é un “bajel”, pero non calquera, un “zorrero”, ou sexa, que é “pesado en la navegacion; y que por esso sigue con dificultad los otros”, e así recorda a coxeira do madrileño. Esta nave vai de Cecina (sentido directo “porto

**a Brindis, sin hacer agua, navega.
Este sin landre claudicante Roque,
de una venera justamente vano,
que en oro engasta, santa insignia aloque,
a San Trago camina, donde llega:
que tanto anda el cojo como el sano.**

A “esclavina”, coma hoxe, era unha capa pequena que cobre un anaco das costas, os ombros e parte do peito, por onde está aberta. Podía ser de coiro, como é o caso, só que, aquí, o racioneiro certifica que era un “hermoso cuero”, porque era seu. Sobre “cuero”, dinos o AU: “Por translación festiva se llama así al borracho, o gran bebedor”.
italiano” en Livorno / suxerido, “comida”) a Brindis, (outro porto daquela terra, Brindisi / beber), e vai sen facer auga (sen que lle entre auga á nave / sen catala).

“Landres” chamábanse as pústulas da peste bubónica; sabido é que san Roque, coidando contaxiados, contaxiouse el, e coidouno un can, polo que adoita representarse cunha chaga na perna, acompañado do seu coidador, que leva un pan na boca, co que lle procurou alimento no seu retiro voluntario. É o patrón da cidade de Santiago dende 1518. Este santo decide deixalo todo e facerse peregrino para visitar Roma e os santos lugares. Por iso Góngora di que o madrileño é un Roque, só que sen “landre” e “claudicante”. Este último vocábulo significa “el que coxéa. En este sentido apénas tiene uso, sino es en lo Poético jocoso” (AU). Non perdamos de vista a segunda acepción: “En el sentido metaphorico significa falso, y no legitimo ni recto”.

Ademais, terceiro verso do primeiro terceto, móstrase “vano” (fachendoso, arrogante) dunha “venera” (vieira), que leva, seguramente, pendurada no peito, como bo peregrino (sentido directo); no seu *Tesoro*, Covarrubias, despois de explicar que a “venera” é a cuncha “de cierto pescado” de Galicia, insignia dos peregrinos, continúa: “... y aun los cavalleros de la Orden del Señor Santiago las

suelen traer colgadas al pecho, y en ella, la insignia de su orden”. Xa que logo, a lectura suxerida fálanos dun cabaleiro de tal Orde. Efectivamente, como podemos comprobar en retratos da época, os posuidores de tal privilexio adobiaban o seu traxe de gala cunha vieira de ouro coa cruz de Santiago engastada, feito ao que se refire, sen dúbida, o verso seguinte, que evita falar expresamente da cruz para referirse a ela como “santa insignia”, de cor encarnada ou “aloque”, como se dicía tamén na altura, palabra cuxo primeiro significado é un tipo de clarete que amosaba tal coloración. Volve a segunda lectura reclamar a nosa atención para suxerirnos a afección á bebida do protagonista, cuxa “santa insignia” é o viño; mesmo podemos imaxinar que usaba a vieira como recipiente para tomar uns grolos.

Como xa comentamos, o verso número trece descobre cal é o santo da súa devoción, cuxo lugar de adoración non pode ser outro máis ca a taberna. Remata citando un refrán popular na altura: “Camino de Santiago, tanto anda el cojo como el sano”, cuxo significado, segundo o AU, fala da camaradería dos romeiros, que se axudan uns aos outros, de xeito que todos se xuntan na meta. Coma os bebedores na taberna. Aproveita tamén para recordarnos a súa coxeira.

Parece que a cruz de Santiago concedida ao vate madrileño produciu máis composicións satíricas do xenio cordobés, a xulgar por unha información que descubrín nunha publicación da Xunta de Galicia co gallo do Xacabeo de 2021, titulada *Roteiro o Século de Ouro en Madrid*, asinada por Francisco Juez Juarros en 2019, de onde extraio a seguinte cita:

Que a Quevedo le gustaba el vino, incluso en exceso, es de sobra conocido y así lo pone de manifiesto Góngora en estos versos en los que le tilda de borracho y sodomita cuando le conceden la Cruz de Santiago.

La maica y el enredo,
la insolencia y el desgarrro,
la alcahuete y lo bujarro,
le negociaron la cruz
que es, mirando a buena luz,
hábito pintado en jarro

y dice que esta encomienda

A San Trago se la debe y no a Santiago.